



itg
instituto
tecnológico
de galicia



Deputación
Pontevedra
Cooperación



PHYSIS
INGENNERIA PER L'AMBIENTE




Xornada de presentación proxecto SANEPLAN

**Planificación integrada e xestión sustentable
de infraestruturas de saneamento a través de
tecnoloxía de precisión innovadora**

Acción: MD0401 Conferencia inicial

Código LIFE12 ENV/E/687





Xornada de presentación SANePLAN

Planificación integrada e xestión sustentable de infraestruturas de saneamento a través de tecnoloxía de precisión innovadora

Acción: MD0401 Conferencia inicial

Código LIFE12 ENV/E/687

OBXECTIVOS DO PROXECTO SANePLAN

O obxectivo xeral do proxecto **Life + SANePLAN** é a mellora da **xestión do saneamento** a través do desenvolvemento e demostración nun conxunto limitado e definido de contornas, dun sistema de información que integre o saneamento e os seus elementos (tanto as redes coma as instalacións de depuración) coa planificación urbana, que contemple a participación de múltiples axentes e territorios, permitindo o dimensionamento e planificación en función das necesidades actuais e as previsións futuras baixo condicionantes de custo, protección ambiental, poboación e cambio climático.

O proxecto **Life + SANePLAN** contempla a implantación en concellos tanto da rexión de Toscana (Italia) coma na provincia de Pontevedra (España) deste sistema de información e xestión das redes de saneamento e infraestruturas de depuración.

Así mesmo, o proxecto agarda comprometer a 50 entidades de ambos os países (40 en España e 10 en Italia) na extensión do proxecto; é dicir, en incorporar ás súas políticas e actuacións as ferramentas, considerandos e estratexias desenvolvidas nel.

A definición dos servizos de SANePLAN realizarase coa participación dunha **Comunidade de coñecemento e soporte** de 200 membros e o seu desenvolvemento, de forte contido GIS, realizarase con avanzadas e estables tecnoloxías baseadas en código aberto.

Estableceuse como obxectivo lograr a difusión a 100.000 destinatarios, contemplando a realización dunha web específica para o proxecto e accións de comunicación en prensa e redes sociais, ademais de sesións de traballo e eventos que involucrarán os distintos actores ós que se dirixe o proxecto.

Os impactos tanto ambiental coma socioeconómicos do proxecto terán un tratamento específico, planificándose debidamente e realizando un seguimento periódico.



Deputación
Pontevedra
Cooperación



PHYSIS
INGEGNERIA PER L'AMBIENTE

DATA E LUGAR

Martes 15 de outubro de 2013

Lugar de realización: Salón de actos do Edificio Administrativo da Deputación de Pontevedra
Avda. Montero Ríos, s/n. Pontevedra

PERFIL DOS ASISTENTES

- Alcaldes e concelleiros
- Técnicos de concellos
- Empresas do sector
- Universidades e entidades oficiais (colexios ou asociacións entre outros)

Número aproximado de asistentes: 50 – 60 persoas

Capacidade limitada

PROGRAMA

10:00 – 11:00 **Apertura institucional**

- D. Carlos Calvo Orosa, Instituto Tecnológico de Galicia
- Sig. Claudio Bubello, Physis, s. r. l. (Socio italiano)
- Representante da Xunta de Galicia
- Ilmo. Sr. D. Rafael Louzán Abal, presidente Deputación de Pontevedra

11:00 – 12:00 **O programa SANePLAN. Descripción, actividades e accións a levar a cabo**

D. Juan Luís Sobreira Seoane, Director de desenvolvemento de negocio do Instituto Tecnológico de Galicia.

11:30 - 12:00 **Problemática do saneamento: unha visión científico tecnolóxica.**

Sig. Claudio Lubello, CEO de Physis, s.r.l. Profesor da Universidade de Florencia.

12:00 – 12:30 **Pausa café**

12:30 – 13:00 **A xestión do saneamento e a xestión urbanística municipal**

D. Manuel Borobio Sanchiz, Director do Instituto de Estudos do Territorio da Xunta de Galicia.

13:00 – 13:30 **Perspectivas actuais e futuras do saneamento de augas nos municipios**

Francisco Alonso Fernández, Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos. Augas de Galicia

13:30 – 14:00 **Clausura**



ig
instituto
tecnológico
de galicia



Deputación
Pontevedra
Cooperación



PHYSIS
INGENNERIA PER L'AMBIENTE

INSCRICIÓN

Inscripción no enderezo electrónico lorena.vazquez@depo.es

Teléfono: 986 80 41 00 ext. 40267. Lorena Vázquez Rosal

Consultas técnicas sobre o proxecto: eugenio.marcote@depo.es

Tfno.: 986 80 41 00. Ext. 41277. Eugenio J. Marcote Carballo